

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Orde do 24 de outubro de 2008 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.*

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarlle ás persoas traballadoras, especialmente ás ocupadas, a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a persoas traballadoras ocupadas: o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento; a unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación dos traballadores e traballadoras no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea; a consideración desta formación como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida.

O Regulamento (CE) nº 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproban as disposicións de aplicación relativas ao Fondo Social Europeo, sinala que o Fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento. Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación dos traballadores/as ocupados nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, ten como obxecto ofrecerlle aos traballadores, tanto ocupados como desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as

aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego. Entre as iniciativas que recolle o citado real decreto, figuran os plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, que se regulan nesta orde de convocatoria.

A Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, desenvolve a formación de oferta co obxectivo de integrar e dar un tratamento coherente e unitario a toda a formación de oferta dirixida ao conxunto dos traballadores, ocupados e desempregados, e regula as bases que deben rexer a concesión de subvencións públicas destinadas a financiar a dita formación polas diferentes administracións públicas no seu ámbito de xestión, sen prexuízo das competencias de autoorganización recoñecidas ás comunidades autónomas.

O II Plan galego de formación profesional defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica, en canto aos fins, seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa. Para acadar estes obxectivos, o plan artellase a través de catro liñas estratéxicas de actuación que inciden na integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional, no óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, na calidade e innovación e na promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O Acordo galego de formación profesional continua, asinado o 29 de marzo de 2004 entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais máis representativos de Galicia, ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores e traballadoras, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

O Acordo do diálogo social en Galicia, asinado o 5 de febreiro de 2007, recolle entre os seus obxectivos o de proporcionarlle aos traballadores a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, a que se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa nesta comunidade autónoma, e conseqüentemente, a esta orde de convocatoria.

O Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, crea e regula o funcionamento da Comisión Galega de Formación Profesional Continua, co obxecto de poñer en funcionamento a formación profesional continua en Galicia dentro do novo ámbito competencial e de xestión.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos do programa 16.03.323b.481.0, 8.756.000 € que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2008 e 520.000 € para o ano 2009, rexistrados cos códigos de proxecto 2007.00656 e 2004.00519. Este importe será obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.

As axudas previstas nesta orde estarán cofinanciadas cunha participación do 80% polo Fondo Social Europeo (FSE) e do 20% pola Administración xeral do Estado, e están incluídas no programa operativo de Adaptabilidade e emprego, imputables ao novo período de programación dos fondos estruturais 2007-2013.

Na súa virtude, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

## DISPOÑO:

### CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1º.-*Obxecto da convocatoria.*

Esta orde ten por obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico.

#### Artigo 2º.-*Finalidade e principios que rexen a concesión das subvencións.*

1. As subvencións que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán como finalidade financiar os plans de formación dirixidos aos traballadores, prioritariamente ocupados, que ofrezan unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores.

2. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

#### Artigo 3º.-*Prazo de execución dos plans de formación.*

Os plans de formación poderanse executar desde o día 1 de setembro de 2008 ata o 31 de agosto de 2009, e deberán estar xustificadas todos os gastos no prazo dun mes desde o seu remate.

#### Artigo 4º.-*Accións formativas.*

1. Para os efectos desta norma enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e/ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos, contidos e duración propios. Unha acción formativa poderá impartirse a un ou varios grupos, segundo o número de veces que se repita a dita acción.

As accións formativas non poderán ter unha duración inferior a 10 horas nin superior a 270 horas, salvo autorización expresa do director xeral de Formación e Colocación por causas debidamente xustificadas.

2. Segundo o artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na totalidade das actividades formativas de formación profesional para o emprego ou de inserción laboral activa financiadas pola Consellería de Traballo introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas.

3. As modalidades de impartición poderán ser as seguintes:

- Presenciais.
- Distancia convencional.
- Teleformación.
- Mixtas.

Cando as accións formativas inclúan, en todo ou en parte, formación a distancia, esta deberá realizarse con soportes didácticos que supoñan un proceso de aprendizaxe sistematizado para a persoa participante, que necesariamente será complementado con asistencia tutorial.

A modalidade de teleformación entenderase aplicada cando o proceso de aprendizaxe das accións formativas se desenvolva co apoio de tecnoloxías de información e comunicación.

As accións formativas presenciais poderán organizarse en grupos cun máximo de 25 participantes, salvo autorización expresa do director xeral de Formación e Colocación, logo de petición da entidade

impartidora, naquelas accións formativas en que participen como docentes profesionais de alto prestixio e que por motivos de economía sexa conveniente agrupar o alumnado en grupos máis numerosos. Nas accións de formación a distancia (incluídas as desenvolvidas mediante teleformación) disporase, como mínimo, dunha titora ou titor por cada 80 participantes. Nas accións mixtas respectaranse os citados límites, segundo a respectiva modalidade formativa.

En todo caso, no anexo II da solicitude deberá especificarse expresamente a modalidade pola que optan, e, se é mixta, indicarán as horas de cada unha delas.

Nas modalidades a distancia convencional, en teleformación e na parte a distancia da modalidade mixta o sistema de impartición deberá incluír evidencias necesarias para comprobar que o alumnado recibe a formación impartida.

Na modalidade de teleformación programarase como mínimo un control periódico de aprendizaxe cada 10 horas de formación ou fracción, entendendo como fracción cada unidade inferior ou igual a 10 horas.

As accións formativas poderán iniciarse cando contén cun mínimo de 8 alumnas/os. No caso da modalidade a distancia ou teleformación non se aplicará este límite.

#### Artigo 5º.-*Participación dos traballadores.*

1. Poderán solicitar a súa participación nos plans de formación aprobados nesta convocatoria, ante as entidades beneficiarias, os seguintes colectivos:

a) As persoas traballadoras asalariadas que prestan os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais e cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional.

b) As persoas traballadoras que se encontren nalguna das seguintes situacións:

Persoas traballadoras fixas descontinuas nos períodos de non ocupación.

Persoas traballadoras que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo.

Persoas traballadoras acollidas a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

c) As persoas traballadoras incluídas nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional.

d) As persoas socias traballadoras e de traballo das cooperativas, sociedades laborais e empresas e entidades da economía social.

e) Os coidadores non profesionais poderán participar na formación de oferta sectorial de referencia nos ámbitos de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, acción e intervención social e sanidade.

f) Os traballadores desempregados, cun límite máximo dun 25% do total de participantes de cada plan. Neste caso os traballadores poderán ser beneficiarios das bolsas e axudas previstas no artigo 8 desta orde.

Considerarase o participante ocupado ou desempregado en función da situación laboral que teña o día de inicio da acción formativa.

#### 2. Colectivos prioritarios:

1. Coa finalidade de garantir o acceso aos traballadores/as coa maior dificultade de inserción ou de mantemento no mercado de traballo, poderán ter prioridade para participar nas accións formativas os traballadores ocupados pertencentes aos seguintes colectivos: traballadores de pequenas e medianas empresas, mulleres, afectados e vítimas do terrorismo e da violencia de xénero, maiores de 45 anos, traballadores con baixa cualificación e persoas con discapacidade.

2. A taxa de participación de mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de, polo menos, 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial/sectorial -con exclusión do sector público- sempre que esa taxa sexa inferior ao 50%, e aplicarase unha porcentaxe inferior se con ela se chega ao 50%.

3. Para os efectos desta orde, terán a consideración de pequenas e medianas empresas (Pemes), as que empreguen menos de 250 persoas, cun volume de negocio anual que non exceda os 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non exceda os 43 millóns de euros e que cumpran o criterio de independencia. Consideraranse empresas independentes aquelas en que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertencan a outra empresa, ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de PEME.

4. Coa finalidade de seguir as recomendacións do Fondo Social Europeo sobre módulos transversais, poderanse financiar dentro das accións formativas módulos de alfabetización informática e sensibilización ambiental.

#### Artigo 6º.-*Selección de alumnado.*

A selección do alumnado participante nas accións formativas será realizada pola entidade adxudicataria entre as persoas traballadoras que soliciten a súa participación en cada acción formativa. As solicitudes de participación deberán ser custodiadas polas

entidades beneficiarias das subvencións e estar á disposición dos órganos de control.

A selección dos traballadores que van participar no plan de formación realizara a entidade beneficiaria ou responsable de impartir as accións formativas, atendendo ás prioridades do plan de formación e a criterios de igualdade e de obxetividade.

As entidades beneficiarias poderán realizar convocatoria pública, que deberá publicarse, como mínimo, nun dos xornais de maior tiraxe da comunidade autónoma. No anuncio en prensa os logotipos deberán figurar coa seguinte distribución: na parte superior esquerda o da Xunta de Galicia, na parte superior dereita o da Unión Europea (Fondo Social Europeo), e na parte inferior dereita o do centro impartidor.

As entidades beneficiarias poderán incorporar alumnado dentro do seu primeiro cuarto.

Se durante a impartición dunha acción formativa sobrevén unha redución do alumnado, sen que se poidan dar novas altas, ata unha cantidade inferior ao 50% do número programado, a entidade beneficiaria poderá solicitarlle á Consellería de Traballo a súa suspensión. No caso de suspensión, a entidade terá dereito a unha indemnización, que será proposta pola comisión de valoración e aprobada pola conselleira de Traballo, calculada de acordo co principio de proporcionalidade, que nunca será superior aos gastos efectivamente xustificadas.

Sempre que non se supere o número máximo de alumnas e alumnos por curso establecido no artigo 4.3º desta orde, poderá asistir a unha acción formativa un número maior de alumnado que o inicialmente aprobado. O incremento de alumnado non supoñerá incremento da contía económica inicialmente prevista para cada acción.

#### Artigo 7º.-*Dereitos e deberes do alumnado.*

1. A formación será gratuíta en todo caso para todo o alumnado das accións formativas incluídas nesta orde.

2. Terán a obriga de realizar e seguir con aproveitamento as accións formativas, e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade beneficiaria. Na modalidade presencial, no caso de que as faltas de asistencia dalgún alumno ou alumna superen o 25% das horas lectivas, deberá ser dado/a de baixa na acción formativa; na modalidade a distancia, teleformación ou na parte correspondente a calquera destas dúas modalidades para a formación mixta será dado/a de baixa cando o/a alumno/a non supere o 25% das avaliacións.

3. O alumnado que remate as accións formativas con aproveitamento, e realizase como mínimo o 75% das súas horas lectivas, ou superase o 75% das avaliacións no caso das accións formativas a distancia ou teleformación, recibirá un diploma acreditativo da realización da acción formativa no modelo que

estableza a Dirección Xeral de Formación e Colocación, en que deberá constar:

Nome, apelidos e DNI da alumna ou alumno.

Denominación da acción formativa.

Horas de impartición con especificación das horas presenciais e a distancia, de ser o caso.

Lugar e datas de realización.

Programa do curso extractado por módulos.

Logotipo da Xunta de Galicia e da Unión Europea (FSE).

4. O alumnado que non teña dereito a diploma recibirá, se o solicita, unha certificación polas horas e módulos que realizase.

5. Cando a formación que se debe impartir conduza á obtención de créditos ou certificados de profesionalidade, teranse en conta os módulos formativos e requisitos que se determinen nos correspondentes certificados, aprobados en desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño.

Esta formación certificarase nos termos establecidos na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento.

6. No suposto de ter xa cursado o módulo de formación para igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica da Dirección Xeral de Formación e Colocación, non será necesario que volvan realizalo sempre e cando o xustifiquen documentalente.

#### Artigo 8º.-*Bolsas e axudas.*

Para ter dereito a calquera das axudas reguladas neste artigo será requisito imprescindible que o curso sexa da modalidade presencial e teña unha duración igual ou superior a catro horas diarias e vinte semanais.

-Terán dereito a percibir a axuda de asistencia todos os alumnos desempregados. O seu importe será de 6 € alumno/día lectivo, tendo en conta que os alumnos non percibirán esta axuda os días de ausencia, sexan ou non xustificadas as faltas. Exceptúanse os alumnos que acrediten unha minusvalidez nun grao igual ou superior ao 33%, que si terán dereito a cobrar esta axuda os días de ausencia por causa xustificada.

-Terán dereito a axuda de asistencia e vinculada á realización de actividades de mellora da empregabilidade, incluídas no seu itinerario de inserción, os demandantes non perceptores de prestacións de Servizo Público de Emprego Estatal e que estean nun dos colectivos seguintes, sempre que non se negasen a participar en actividades recollidas no seu IPI, segundo certificación da oficina de emprego.

-Demandantes con fillos menores de 16 anos ou que teñan ao seu cargo maiores discapacitados, cunha contía equivalente ao 100% do IPREM.

-Demandantes desempregados de longa duración; mulleres que se incorporan ás accións formativas das seguintes ocupacións en que están sub-representadas: construción, metal, transporte-condutoras e madeira; ou discapacitados que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, cunha contía equivalente ao 75% do IPREM%.

-Terán dereito á axuda de aloxamento e manutención cando a distancia entre o seu domicilio e o lugar de impartición sexa, como mínimo, de 50 quilómetros. En casos excepcionais, debido a problemas das comunicacións, circunstancia que deberá ser previamente valorada e autorizada polo órgano competente en cada caso, poderá concederse esta axuda aínda que a distancia sexa inferior. A acreditación de estar nos supostos de concesión realizárase a través de certificación municipal.

Ademais da duración do curso e da distancia, para percibir a axuda de aloxamento e manutención deberán cumprirse os seguintes requisitos:

-Que a asistencia ao curso implique que o alumno deba aloxarse no lugar de impartición. O gasto real de aloxamento xustificárase por medio do contrato de arrendamento ou factura de hospedaxe.

-Que a acción formativa se imparta nos centros pertencentes á Consellería de Traballo e aquelas outras accións formativas que a Dirección Xeral de Formación e Colocación considere necesarias para os obxectivos de política de emprego.

A axuda de aloxamento e manutención aboaráse por mes natural, e a súa contía será o importe do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) fixado para o ano 2008, rateándose a parte correspondente aos meses de inicio e finalización cando non sexan completos.

A percepción de calquera destas axudas será incompatible entre si, agás as axudas de aloxamento e manutención.

Para todas as axudas deberá presentarse acreditación da inscrición como demandante de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego.

Para as bolsas deberá presentarse certificado de minusvalidez emitido polo órgano competente, de ser o caso.

## CAPÍTULO II

### TIPOS DE PLANS DE FORMACIÓN E ENTIDADES SOLICITANTES

#### Artigo 9º.-*Tipos de plans de formación sectoriais.*

Poderanse subscribir convenios de ámbito autonómico para a execución de plans de formación sectoriais integrados por accións formativas dirixidas á formación de traballadores dun sector produtivo concreto, coa finalidade de desenvolver accións formativas de interese xeral para o mencionado sector e satisfacer as necesidades específicas de formación deste.

O financiamento elévase a 9.276.000 € segundo a proposta de desagregación seguinte, que ten en conta a poboación ocupada en Galicia nas diferentes ramas de actividade económica agrupadas en sete ámbitos sectoriais de referencia.

| Sectores  | Asignación por ámbito sectorial de referencia |
|---|---|
| Metal   | 1.014.095,37 €                                |
| Comercio, hostalaría e agro-pesqueira                 | 1.968.989,40 €                                |
| Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía | 480.569,88 €                                  |
| Servizos á comunidade                                 | 2.456.628,17 €                                |
| Transporte  | 612.299,37 €                                  |
| Administración e novas tecnoloxías                    | 996.113,54 €                                  |
| Construción e madeira                                 | 1.747.304,27 €                                |

Cada plan sectorial deberá ser dirixido, para os efectos de execución, a unha destas agrupacións sectoriais.

**Artigo 10º.-Entidades solicitantes: requisitos e acreditación.**

1. Poderán solicitar subvencións para financiar a execución dos plans de formación sectoriais sinalados no artigo 9º as seguintes entidades:

-As organizacións empresariais e sindicais con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, representativas no correspondente sector de actividade dentro do seu ámbito territorial.

-As entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial, representativas no ámbito autonómico (as entidades solicitantes achegarán a acta, acordo ou calquera outro documento ou medio admitido en dereito que acredite a súa creación ao abeiro da negociación colectiva).

-As organizacións empresariais e sindicais que participan na negociación colectiva sectorial no ámbito autonómico, provincial ou estatal no caso de que só exista negociación colectiva de ámbito estatal, directamente ou a través das organizacións que a integran ou en que se integran.

No caso de solicitudes de asociacións, empresariais ou sindicais, integradas noutra que sexa tamén solicitante, considerarase unicamente a daquela que teña a maior representatividade na comunidade autónoma.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios. Tamén terán a dita consideración as agrupacións formadas polas entidades previstas no punto 1 deste artigo con entidades vinculadas a elas, que teñan entre os seus fins o desenvolvemento das actividades a que se refire esta orde.

O representante ou a persoa apoderada única da agrupación deberá pertencer a algunha das entidades beneficiarias previstas no punto 1 deste artigo.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as entidades en que conorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

5. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

6. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

7. Os beneficiarios das axudas concedidas, tal e como se recolle no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, autorizan a inclusión destas axudas no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis o de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, co contido e coa forma que regulamentariamente se determinen.

### CAPÍTULO III

#### INICIACIÓN, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

##### Artigo 11º.-*Solicitudes.*

1. Co obxecto de axilizar os procesos de recepción e valoración dos plans de formación presentados polas entidades solicitantes, a Dirección Xeral de Formación e Colocación dispón da aplicación de solicitudes de concesión de subvencións Inforcom (<http://traballo.xunta.es/solicitudes/cprograma.html>). É un sistema que permite elaborar e tramitar as solicitudes de plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores/as ocupados/as mediante apoio das novas tecnoloxías de información.

A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Traballo, San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela, nas súas delegacións provinciais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e será subscriba

pola persoa titular ou representante legal da entidade coa debida acreditación, dirixida ao conselleiro de Traballo.

2. As entidades solicitantes deberán presentar tanto a solicitude como o plan de formación anexo.

3. A presentación da solicitude de concesión pola persoa interesada das subvencións reguladas nesta orde comportará a autorización á Consellería de Traballo para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, polo que deberá presentar a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. A documentación que se deberá presentar coa solicitude é a seguinte:

a) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade e do documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante.

b) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, debidamente legalizados.

c) Documentación acreditativa de representatividade suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

d) Documentación acreditativa de reunir os requisitos establecidos no artigo 10º desta orde para ser entidade solicitante da subvención (xustificante de ter participado na mesa de negociación dun convenio colectivo).

e) Certificado do secretario da entidade do número de socios e do número de traballadores que forman parte dela.

Así mesmo, deberá presentar, de ser o caso, declaración responsable de se está integrada nunha entidade de ámbito superior ou se está integrada por outras entidades de ámbito inferior.

f) Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.2º e 3º da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para a mesma acción formativa, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

h) Declaración responsable do representante legal da entidade en que faga constar que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esa finalidade.

5. De conformidade co artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, aquelas entidades que presenten máis dunha solicitude deberán unicamente

achegar a documentación orixinal ou copia cotexada nunha delas.

6. No impreso de solicitude deberanse facer constar, polo menos, os seguintes datos:

-Nome e razón social da entidade solicitante, acreditado mediante fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

-Identificación ou sinatura da persoa representante legal autorizada que formula a solicitude; acreditarase esa representación mediante escritura notarial de poderes ou por calquera outro medio válido en dereito.

-Declaración da persoa solicitante sobre a veracidade da información e dos datos achegados na solicitude e certificación desta.

-Contía da subvención solicitada.

Artigo 12º.-*Documentación técnica.*

Sen prexuízo da documentación a que fai referencia o artigo 11º desta orde, coa solicitude presentárase a seguinte documentación técnica:

1. Plan de formación que deberá conter, polo menos, a seguinte información:

a) Ámbito de aplicación do plan.

b) Obxectivos e contidos.

c) Accións formativas que se desenvolveran, con indicación, de ser o caso, das vinculadas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais e, dentro destas, a que certificado ou certificados de profesionalidade van dirixidos.

d) Número de alumnas/os por acción formativa.

e) Colectivos destinatarios, desagregados por colectivos prioritarios do FSE, categorías ou grupos profesionais.

f) Custo estimado das accións formativas.

g) Calendario previsto de execución.

h) Lugar, instalacións e medios previstos para impartir as accións formativas.

Deberá presentarse unha relación priorizada das accións formativas solicitadas por grupos e accións.

2. Memoria xustificativa sobre a capacidade técnica do solicitante para a xestión do plan que solicita, indicando os recursos técnicos e materiais de que dispón a entidade solicitante e, de ser o caso, os da entidade que participa no desenvolvemento do plan formativo.

Artigo 13º.-*Requirimentos.*

A ausencia dalgún dos datos a que fan referencia os artigos 11º e 12º desta orde determinará o requirimento da documentación. A emenda de erros deberá efectuarse pola persoa interesada no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte á recepción do requirimento, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 14º.-*Prazo.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 15º.-*Proposta de resolución.*

1. O órgano instrutor do procedemento é a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. Recibidas as solicitudes procederáase ao seu estudo e a cualificación polas comisións de valoración que, unha vez analizada a documentación achegada polas solicitantes, informarán os expedientes aplicando os criterios de valoración establecidos nesta orde.

3. Unha vez puntuados os expedientes polas comisións de valoración, serán informados pola Comisión Galega de Formación Profesional Continua.

4. Á vista dos expedientes e dos informes preceptivos que se emitan, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, como órgano instrutor, formulará proposta de resolución.

5. A comisión de valoración para os convenios de execución de plans de formación sectoriais estará composta pola subdirectora xeral de Formación Ocupacional e Continua, que a presidirá, e serán vogais o xefe ou xefa do servizo de Planificación de Formación Ocupacional e Continua, que actuará como secretario ou secretaria, e unha persoa membro do persoal da Subdirección de Formación Ocupacional e Continua.

6. Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o director xeral de Formación e Colocación.

Artigo 16º.-*Criterios de valoración.*

Teranse en consideración para a valoración técnica dos plans de formación profesional para o emprego, que se executarán a través da subscripción de convenios, os seguintes criterios de puntuación:

a) En relación coas accións formativas que integran o plan:

-Contidos das accións formativas. Outorgarase maior valoración ás accións formativas que incorporen algún módulo de tecnoloxía da información e a comunicación, sensibilidade ambiental, formación para a seguridade e saúde laboral, cuxa duración non poderá exceder as 10 horas.

-Instalacións, medios didácticos e material previsto.

-Certificación das accións formativas. Outorgarase maior valoración a aquelas especialidades que, estando incluídas nalgún dos certificados de profesionalidade publicados, inclúan módulos que se poidan considerar complementarios deles, é dicir, que pertencen á mesma área ou ocupación pero que non estean desenvolvidos.

-Mecanismos de seguimento, avaliación e control da aprendizaxe.

Os criterios contidos neste punto terán un peso do 50% da valoración total.

b) Adecuación das accións formativas do plan ás necesidades do ámbito ou sector.

Os criterios contidos neste punto terán un peso do 30% da valoración total.

c) Capacidade acreditada da entidade solicitante para impartir o plan presentado, tendo en conta experiencias anteriores e os medios persoais e materiais propios ou alleos postos á disposición para a execución do plan.

Os criterios contidos neste punto terán un peso do 15% da valoración total.

d) O emprego da lingua galega no desenvolvemento das accións formativas.

O criterio contido neste punto terá un peso do 5% da valoración total.

Para a valoración das letras a) e c) terase en conta a información dispoñible na memoria xustificativa do plan de formación.

Terase en conta o grao de execución e cumprimento das condicións en que se outorgou a subvención acreditado polo solicitante na última convocatoria de plans de oferta liquidada, que se poderá reducir polas ditas causas ata un 10% de valoración técnica.

Serán financiados os plans de formación que superen a puntuación da valoración técnica que, en función das solicitudes presentadas e recursos dispoñibles, sexa aprobada pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

*Artigo 17º.-Determinación do importe da subvención.*

1. Para os convenios de execución de plans de formación regulados nesta orden, a subvención que se concederá determinarase tendo en conta:

a) O conxunto das subvencións solicitadas polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

b) A valoración técnica obtida polo respectivo plan de formación, segundo os criterios recollidos no artigo 16º desta convocatoria.

c) Así mesmo, teranse en conta os módulos económicos máximos establecidos nesta orde, e o volume da actividade formativa que o solicitante se compromete a realizar no marco do cofinanciamento do Fondo Social Europeo, de maneira que a subvención resultante sexa maior canto maior sexa o número de participantes pertencentes aos colectivos prioritarios a que fai referencia o artigo 5º desta convocatoria.

2. En casos excepcionais, cando as circunstancias concorrentes o aconsellen, poderase aplicar o establecido no artigo 9.2º da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, que desenvolve o Real decreto 395/2007,

do 23 de marzo, e o artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As axudas previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

*Artigo 18º.-Módulos económicos máximos.*

1. Os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) aplicables para efectos de liquidación das subvencións concedidas para o financiamento dos convenios, serán os que a continuación se establecen en función da modalidade de impartición e nivel da formación:

| Modalidade de impartición | Nivel de formación  |                |
|---------------------------|---|----------------|
|                           | Básico  | Medio-superior |
| Presencial                | 8 euros   | 12 euros       |
| A distancia               | 5 euros   |                |
| Teleformación             | 6,75 euros  |                |
| Mixta                     | Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia ou teleformación que teña a acción formativa |                |

2. Excepcionalmente, o director xeral de Formación e Colocación poderá autorizar un incremento de ata un 50% do módulo económico superior da modalidade presencial de formación nas especialidades que se recollen no anexo III, así como naquelas accións formativas en que participen como docentes profesionais de alto prestixio, así como aquelas que pola súa singularidade, especialidade e características técnicas precisen un financiamento maior, logo de informe da Comisión Galega de Formación Profesional Continua e logo de solicitude ao director xeral.

3. Na modalidade de impartición presencial, o módulo de nivel básico aplicarase cando se trate de impartir formación en materias transversais ou xenéricas que capaciten para desenvolver competencias e cualificacións básicas.

4. O módulo de nivel medio-superior aplicarase cando a formación incorpore materias que impliquen especialización e/ou capacite para desenvolver competencias de programación e/ou dirección.

*Artigo 19º.-Resolución.*

1. A resolución dos expedientes de axudas corresponderalle ao director xeral de Formación e Colocación, por delegación do conselleiro, e deberá ser notificada ás persoas interesadas no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o citado prazo sen que se ditase resolución expresa, as persoas interesadas entenderán desestimada a súa solicitude.

2. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como benefi-

ciarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

3. Á resolución de concesión axuntarase cada un dos convenios e o correspondente plan de formación.

4. Cando o importe da subvención na proposta de resolución sexa inferior á solicitude presentada, a/o beneficiaria/o disporá dun prazo de dez días para axustar o plan e adaptalo á proposta de financiamento. Posteriormente, as entidades poderán facer, como máximo, dúas reconfiguracións do plan, tendo en conta que a primeira, de ser o caso, deberá facerse, como mínimo, dous meses despois da notificación da resolución e a última deberá facerse, como máis tardar, cando falten dous meses para o remate do prazo de execución das accións formativas do plan.

5. A priorización das accións formativas derivadas da reconfiguración do plan executarase ata o importe concedido. Calquera modificación desa priorización deberá ser autorizada polo director xeral de Formación e Colocación.

6. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### CAPÍTULO IV

##### EXECUCIÓN, XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS E LIQUIDACIÓN

Artigo 20º.-*Custos financiáveis e criterios de imputación.*

1. Os custos das accións formativas poderán imputarse desde o 1 de setembro de 2008.

2. Custos directos da acción formativa:

a) As retribucións das persoas formadoras internas e externas, podéndose incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables ás persoas formadoras no exercicio das actividades de preparación, impartición, tutoría e avaliación das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade que se imputen.

b) Os gastos de amortización de equipos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o seu aluguer ou arrendamento finan-

ceiro, excluídos os seus xuros, soportados na execución do plan formativo.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

c) Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas do plan, incluíndo o material de protección e seguridade. Así mesmo, no caso da teleformación, os custos imputables aos medios de comunicación utilizados entre persoal formador e participantes.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

d) Os gastos de aluguer, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento do plan de formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Os gastos de amortización calcularanse segundo normas de contabilidade xeralmente aceptadas, sendo aplicable o método de amortización segundo as táboas aprobadas polo Regulamento do imposto de sociedades.

e) Seguro de accidentes dos participantes.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

f) Gastos de transporte, manutención e aloxamento para os traballadores ocupados que participen nas accións formativas, cos límites fixados na Orde EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisa a contía dos gastos de locomoción e das axudas de custo no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

g) Gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa.

h) Custos de avaliación e control da calidade da formación segundo o artigo 27 desta orde.

### 3. Custos asociados á actividade formativa:

a) Consideraranse custos financiados os de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución do plan.

b) Os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a súa adecuada preparación ou execución. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

c) Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos, non especificados anteriormente, asociados á execución do plan.

Estes custos deberán imputarse á beneficiaria da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

En calquera caso, os custos asociados, igual que os custos directos, deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Os gastos de asesoría xurídica, así como os custos notariais, rexistrais, periciais e de administración só serán subvencionables se están directamente relacionados e son indispensables para a adecuada preparación e execución da actividade subvencionada.

A suma dos custos asociados do plan non poderá superar o 20% dos custos da acción formativa.

Artigo 21º.-*Pagamento e liquidación das subvencións.*

1. Non poderá realizarse o pagamento da subvención cando a entidade sexa debedora por resolución firme de procedencia de reintegro.

2. En ningún caso se poderán realizar pagamentos anticipados a beneficiarias/os nos supostos previstos no número 6, parágrafo terceiro, do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### 3. Documentación que hai que presentar:

As entidades beneficiarias deberán enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, dentro do mes seguinte ao remate da última acción formativa de cada convenio, a xustificación dos custos inherentes a el, a través da seguinte documentación, que deberá presentarse por cada acción formativa selada e asinada:

-Ficha de finalización.

-Solicitud de liquidación final.

-Relación de facturas.

-Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción formativa.

-Certificación dos gastos.

-Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. A/o beneficiaria/o deberá, así mesmo, cubrir e remitir, nos impresos normalizados e conforme as instrucións que se establezan, os seguintes documentos:

a) A certificación de finalización do plan, con especificación de cada acción formativa realizada da cal se comunicase o seu inicio no momento oportuno.

b) A documentación xustificativa que acredite, como mínimo, os custos relativos ás accións formativas subvencionadas.

c) Xustificante de ter ingresado o importe correspondente á diferenza entre a cantidade xustificada e a recibida en concepto de anticipo, é dicir, cando o anticipo sexa superior á cantidade xustificada.

d) Documentación relativa ás actuacións de avaliación e control da calidade da formación.

5. Cando non se presentase a documentación xustificativa a que se refiren os puntos anteriores ou a documentación presentada fose insuficiente para considerar correctamente xustificada a subvención concedida, a Dirección Xeral de Formación e Colocación porá en coñecemento das/os beneficiarias/os as insuficiencias observadas para que no prazo de 10 días sexan rectificadas.

Examinada a documentación xuntada para a corrección das insuficiencias detectadas, ou transcorrido dito prazo sen que se presentase, o órgano concedente procederá á liquidación final a partir dos xustificantes de gastos elixibles que consten no expediente.

### 6. Sistemas de pagamento.

O aboamento da subvención ás/aos beneficiarias/os farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 65% do total do orzamento de gastos do convenio, en concepto de anticipo, no momento en que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade beneficiaria en que se notifique o inicio dunha acción formativa, así como a documentación sinalada neste artigo, de ser o caso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificadas os gastos realmente efectuados en cada unha.

c) Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a/o beneficiaria/o xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida.

7. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación Ocupacional e Continua da Dirección Xeral de Formación e Colocación emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

*Artigo 22º.-Execución.*

A execución do plan de formación realizaráa a/o beneficiaria/o tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, así como que a subvención outorgada terá o carácter de importe máximo e que se destinará á realización das accións formativas obxecto do convenio. En todo caso, durante a execución do plan de formación non se poderán incluír accións formativas non aprobadas, nin modificar a duración nin a modalidade delas, salvo autorización da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

*Artigo 23º.-Instrucións de xustificación de custos e liquidación.*

A xustificación de custos e a liquidación económica das subvencións realizarase do seguinte xeito:

1. Os datos de xestión do curso deberanse introducir en liña a través da aplicación informática Informcom que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá á disposición dos centros.

2. A/o beneficiaria/o deberá xustificar os custos en que incorresen na execución das accións formativas obxecto do convenio e que o gasto xustificado sexa o efectivamente pagado.

3. Os custos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio, en orixinal ou fotocopia compulsada logo de selado do orixinal, co detalle suficiente para acreditar a correcta aplicación dos fondos. Os ditos documentos deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

4. Cando, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas, se admita a xustificación de custos mediante notas de cargo, estas deberán acompañarse cos documentos xustificativos que soportan o gasto ou as súas imputacións.

5. Segundo o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias do programa regulado nesta orde poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción formativa. Ademais, os subcontratistas deberán facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. No caso de accións formativas subcontratadas, a solicitude de calquera modificación respecto da execución das accións concedidas deberá ser efectuada pola entidade adjudicataria. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100% da acción formativa.

En ningún momento se poderá subcontratar coas persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta convocatoria que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No non previsto neste artigo, será de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. No caso de subcontratación, as facturas que emitan as/os subcontratistas deberán conter unha desagregación suficiente para identificar os custos imputados a cada acción formativa.

7. Cando as actividades formativas fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

8. A/o beneficiaria/o da subvención estará obrigado a conservar os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de 4 anos e computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da/o beneficiaria/o. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunitarios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

9. As entidades que, sen que transcorrese o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitir copia da citada documentación á Dirección Xeral de Formación e Colocación.

10. O control da Consellería de Traballo, como órgano concedente, esténdese á comprobación de que por parte da/o beneficiaria/o se atendeu ás previsións do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Para o cálculo do importe que lles aboará ás entidades efectuaranse dous rateos:

Primeiro rateo. No caso de que inicien a acción formativa un número de alumnas e alumnos inferior aos orzamentados, ratearase a cantidade para pagar en función do alumnado que iniciase. Non obstante, non se aplicará penalización orzamentaria se se produce unha desviación do número de alumnos e alumnas, como máximo, do 15% sobre o alumnado orzamentado. Se a desviación de alumnado é superior a ese 15%, aboarase pola cantidade real de alumnado iniciado. Para estes efectos enténdese por alumnado iniciado o número máximo que haxa no primeiro cuarto da acción formativa.

Segundo rateo. Se se producen abandonos de participantes na acción formativa, admitiranse desviacións de ata o 30% do número de alumnado orzamentado. Se a desviación de alumnado é superior a ese 30%, aboarase pola cantidade real de alumnado finalizado.

O importe para aboar calcularase en función das cantidades resultantes dos dous rateos.

Artigo 24º.-*Obrigas das entidades beneficiarias.*

Sen prexuízo das obrigas establecidas nesta orde, na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, constitúen, así mesmo, obrigas da beneficiaria:

1. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea e polo Servizo Público de Emprego Estatal, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

3. Requirir de cada alumna ou alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá archivarase separadamente por cada acción formativa:

-Copia simple do DNI.

-Ficha individual en que acredite a súa pertenza a algún dos grupos preferentes que se recollen no artigo 5º, de ser o caso.

-Acreditación da súa condición de persoa ocupada ou desempregada.

-Acreditación documental de estar exento da obriga de realizar o módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, de ser o caso.

4. Remitirle á Dirección Xeral de Formación e Colocación:

a) Como mínimo cinco días naturais antes do inicio da acción formativa:

-As datas de inicio e remate e o horario de impartición.

-O enderezo completo do lugar de impartición e teléfono de contacto.

b) Dentro do primeiro cuarto do curso e sempre que non supere os 10 días seguintes ao inicio da acción formativa, a seguinte documentación:

-Relación nominal dos alumnos e alumnas, especificando o número do DNI e número de afiliación á Seguridade Social.

-A identificación da persoa coordinadora ou responsable da acción formativa.

-Identificación dos docentes.

-Autorización da persoa traballadora para a utilización dos seus datos persoais para o control e seguimento do curso no marco da Lei de protección de datos.

-Copia da póliza de seguros contratada co xustificante do seu aboamento, de ser o caso.

-Declaración xurada da persoa traballadora de que os documentos que achega son auténticos.

c) Mensualmente:

-Partes de asistencia.

-Comunicación de incidencias

d) A entidade beneficiaria archivará separadamente por cada acción formativa a seguinte documentación:

-Copia simple dos DNI do alumnado.

-Fichas de inicio.

-A planificación temporal dos módulos da acción formativa.

-Ficha individual de cada alumna ou alumno.

-Documento que acredite que a persoa traballadora está ocupada ou desempregada na data de incorporación ao curso, de ser o caso.

-Os modelos de solicitude de inscrición recibidos.

A non comunicación nos prazos establecidos implicará que o correspondente grupo de formación se considerará non realizado para efectos da liquidación económica da subvención, salvo que a non comunicación en prazo se deba a causas imprevistas, debidamente xustificadas e comunicadas no momento en que se produzan.

5. Comunicarlle á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo os seguintes datos referidos a cada control de aprendizaxe, na modalidade de teleformación:

a) Plan de formación.

b) Acción formativa.

c) Grupo.

d) Documento de identidade do alumno ou alumna.

e) Código unívoco que permita identificar a proba e os resultados conseguidos polo/a participante. Estes datos deben ser almacenados polo sistema de teleformación empregado para a execución da acción formativa.

f) Indicativo de se o/a participante realizou a proba. En caso afirmativo cubrirase:

-Data e hora en que foi desenvolvido o control.

-Tempo empregado para o desenvolvemento do control de aprendizaxe.

-Resultado obtido. Sendo traducida a cualificación a: superado/non superado.

g) Para poder ter dereito a diploma será necesario ter superado polo menos o 75% dos controis, ademais da avaliación positiva do docente.

6. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo da acción formativa temporizado por módulos, os dereitos e deberes do alumnado e da entidade beneficiaria, así como a relación dos e das docentes e o horario. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores da acción formativa.

7. Aboar mensualmente ás e aos docentes a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade beneficiaria non percibise os anticipos previstos nesta orde.

8. Someterse ás actuacións de supervisión, control e comprobación que poida efectuar a Dirección Xeral de Formación e Colocación, así como a calquera outra actuación, de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio de actuacións anteriores.

9. Contratar un seguro de accidentes para o alumnado no caso das accións formativas de modalidade presencial e na parte presencial da modalidade mixta, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa como os do traxecto ao lugar de impartición das clases teóricas e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Esta obriga rexerá exclusivamente na parte presencial cando a acción formativa se desenvolva fóra da propia empresa.

A cobertura mínima deste seguro será a seguinte:

-No caso de morte: 36.000 €.

-No caso de invalidez permanente: 42.000 €.

-Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

10. Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas.

11. Velar por que todo o alumnado dunha acción formativa reciba a mesma formación, así como o mesmo número de horas tanto teóricas como prácticas, independentemente de que a parte práctica teña lugar no propio centro ou en centros de traballo.

12. Velar por que as e os docentes reciban unha contraprestación proporcional ás horas impartidas en cada curso e ao seu módulo económico.

13. Comunicarlle á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución das accións formativas programadas, no prazo de cinco días desde que se produza.

14. Solicitalle á Dirección Xeral de Formación e Colocación, con cinco días naturais de antelación, autorización para realizar calquera modificación substancial no desenvolvemento das accións formativas, salvo en casos de forza maior, que se notificará en canto sexa posible.

15. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

16. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

17. Informar o alumnado do cofinanciamento das accións formativas por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

18. Realizar a actividade formativa que fundamenta a concesión da subvención, de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais que se establecen nesta orde de convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a valoración técnica e a subvención que se vai conceder.

19. Achegar a información e documentación que se requira durante a fase de instrución do procedemento e execución do plan formativo, así como ter á disposición dos órganos de control competentes os documentos acreditativos da asistencia das persoas participantes ás accións formativas, debidamente asinados por eles e segundo os requisitos mínimos que se establezan.

20. Respetar a obrigatoriedade da gratuidade para as persoas participantes das accións formativas comprendidas no plan de formación.

21. Presentar a xustificación do cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como da realización e dos custos da actividade que fundamenta a concesión.

22. Ter realizadas ou, de ser o caso, garantidas as devolucións de cantidades concedidas e pagadas en convocatorias anteriores e cuxa devolución lle fose exixida mediante reclamación previa á vía executiva ou mediante resolución de procedencia de reintegro, salvo que se aplicase a suspensión do acto.

23. Dispoñer dos libros contables, rexistros ditienciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á/o beneficiaria/o en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa

referencia común a todos eles de formación continua.

24. Comunicarlle á Administración autonómica a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Estes ingresos serán incompatibles coa subvención que corresponda, polo que esta será minorada na cantidade xa percibida.

25. Non incorrer no falseamento de datos contidos na solicitude ou nos documentos e certificados presentados aos órganos competentes na tramitación das solicitudes e na concesión das subvencións.

26. Os datos da xestión das accións formativas deberán introducirse en liña a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Formación e Colocación poñerá a disposición das entidades beneficiarias. Para que este proceso en liña se poida realizar, os centros solicitantes deberán dispoñer de saída a internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior.

27. A entidade beneficiaria informará os participantes en situación de desemprego das axudas e bolsas que poidan solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, segundo o artigo 8º desta orde, facilitaralles os modelos de solicitude normalizada, así como remitirá á citada dirección xeral, nos dez primeiros días seguintes a cada mes, a correspondente documentación de solicitude xunto coa xustificación da asistencia á formación.

28. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación das resolucións de concesión.

#### Artigo 25º.-*Incumprimento de obrigas e reintegro.*

1. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. O incumprimento por parte do beneficiario do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas suporá de forma automática a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

3. A gradación dos posibles incumprimentos determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida. Igualmente, considérase que existe incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non alcanza o 35% dos seus obxecti-

vos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado polo número de alumnos.

b) O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendido entre o 35% e o 100%, a subvención concedida minorarase na porcentaxe que deixou de cumprirse, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

#### CAPÍTULO V AVALIACIÓN DA FORMACIÓN

#### Artigo 26º.-*Control e seguimento das accións formativas.*

1. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, as delegacións provinciais ou o persoal que se contrate para o efecto aplicarán o sistema de seguimento e control que estimen conveniente. Estas actuacións poderán consistir na realización de visitas ás accións formativas aprobadas e enquisas a alumnado e docentes, información respecto do progreso da acción e do seu grao de execución en cada momento, así como de control da elixibilidade dos custos imputados a cada acción formativa.

2. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puidesen ser emendadas no prazo concedido para o efecto, e que incidan negativamente na súa calidade docente, procederase á súa cancelación por resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

#### Artigo 27º.-*Avaliación da calidade das accións formativas.*

As entidades beneficiarias deberán avaliar a calidade das accións formativas nos seguintes termos:

1. A mostra seleccionada cubrirá polo menos o 5% dos grupos comunicados a partir da subscrición do convenio. A dita mostra incluírá grupos de accións formativas de todas as modalidades de impartición do plan de formación.

2. As entidades beneficiarias deberán destinar para a avaliación e control da calidade da formación ata un 5% da subvención concedida. A avaliación desenvolverase tendo en conta os seguintes criterios:

As persoas participantes avaliarán a calidade das accións a través dun cuestionario de avaliación de calidade que cubrirá, polo menos, os seguintes ámbitos específicos de información:

Valoración xeral da acción formativa.

-Contidos: a súa adecuación ás expectativas e necesidades de formación, así como utilidade dos contidos para a traxectoria profesional da traballadora ou traballador.

-Profesorado: o seu nivel de preparación, de especialización e de comunicación.

-Medios didácticos: valoración dos medios utilizados e a súa adecuación aos contidos.

-Medios técnicos: a súa dispoñibilidade, adecuación e estado de funcionamento.

-Instalacións: luminosidade, amplitude, ventilación, condicións climáticas e accesibilidade.

-Organización: composición e homoxeneidade do grupo de formación, número de alumnas e alumnos, información previa recibida, horarios e duración.

Teñen a obriga de cubrir o cuestionario todos os alumnos e alumnas que participen nas accións formativas reguladas por esta orde. Será cuberto polos participantes ao remate das accións formativas.

As organizacións ou entidades beneficiarias son as responsables do proceso de avaliación da calidade das accións formativas, tanto da distribución, gravación e explotación dos cuestionarios, como da realización dun informe de resultados que conterá unha tabulación coa súa totalidade e que se empregará para a análise da calidade das accións executadas.

Poderase realizar calquera outra actuación que se considere axeitada para a avaliación da calidade das accións formativas.

3. Sen prexuízo da utilidade que estas avaliacións teñen para as entidades beneficiarias e os centros ou institucións impartidoras da formación, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá requirir destas a achega dos correspondentes cuestionarios, ou ben o resultado da súa tabulación, co fin de analizar a calidade das accións no marco dos convenios regulados nesta orde.

4. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá realizar unha avaliación externa das accións formativas impartidas ao abeiro desta orde, que terá os seguintes obxectivos mínimos:

a) A adecuación das accións formativas ás necesidades do mercado laboral.

b) A incidencia e impacto da formación continua no mantemento do emprego e na promoción das traballadoras e dos traballadores.

c) O acceso á formación profesional continua, especialmente das persoas traballadoras de Pemes e dos restantes colectivos prioritarios.

d) A eficacia e eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

e) Os niveis de aprendizaxe e a súa aplicación no posto de traballo.

Artigo 28º.-*Rexistro dos convenios.*

1. As accións formativas inscribíranse, en galego, no rexistro da Dirección Xeral de Formación e Colocación, no cal constarán as accións formativas impartidas ao abeiro de cada convenio co seu programa, a entidade beneficiaria, con especificación do número de alumnado de cada acción formativa, horas de dura-

ción, lugar de impartición e especificación, de ser o caso, das horas presenciais e a distancia.

2. Os diplomas emitidos ao alumnado destas accións tamén serán rexistrados, e neles deberán constar os contidos establecidos no artigo 7.3º da orde.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará supeditada á existencia de crédito suficiente no programa 16.03.323B.481.0 que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para os anos 2008 e 2009.

Segunda.-Poderán efectuarse resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á Comunidade Autónoma, que deberán provir de incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito, e deberán ser obxecto de publicación no DOG. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das tidas en conta para a resolución inicial.

Terceira.-En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no que sexa de aplicación, quedando as/os beneficiarias/os das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento de obrigas, propostas de pagamento das subvencións reguladas nesta orde e resolver os procedementos de reintegros das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, de que traen causa, ditadas por delegación do conselleiro.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO I



EXPEDIENTE

|  |   |                                      |
|--|---|--------------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>SOLICITUDE DE PLANS DE FORMACIÓN SECTORIAIS DIRIXIDOS<br/>PRIORITARIAMENTE A TRABALADORES OCUPADOS (FONDO SOCIAL EUROPEO)</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>TR302B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE (S-1)</b> |
|--|---|--------------------------------------|

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

|                             |                  |                   |                           |
|-----------------------------|------------------|-------------------|---------------------------|
| NOME OU RAZÓN SOCIAL<br>[ ] |                  | NIF/ CIF<br>[ ]   |                           |
| REPRESENTANTE LEGAL<br>[ ]  |                  | DNI<br>[ ]        |                           |
| ENDEREZO POSTAL<br>[ ]      | PROVINCIA<br>[ ] | LOCALIDADE<br>[ ] |                           |
| CÓDIGO POSTAL<br>[ ]        | TELÉFONO<br>[ ]  | FAX<br>[ ]        | CORREO ELECTRÓNICO<br>[ ] |

Don/Dona [ ] , con documento nacional de identidade número [ ] , como representante legal da entidade citada

EXPÓN: que de acordo coa orde da Consellería de Traballo que regula estas axudas, desexa realizar as accións formativas que se relacionan no plan anexo a esta solicitude:

**DECLARA:**

- QUE A ESTA SOLICITUDE SE LLE XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE E DO DOCUMENTO DE IDENTIDADE DA PERSOA QUE ACTÚA EN NOME E REPRESENTACIÓN DA PERSOA XURÍDICA
- FOTOCOPIA COMPULSADA DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE, DEBIDAMENTE LEGALIZADOS
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE (ESCRITURA NOTARIAL DE PODERES OU CALQUERA OUTRO MEDIO VÁLIDO EN DEREITO)
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA INSCRICIÓN DA ENTIDADE NO REXISTRO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REUNIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 10º DESTA ORDE PARA SER ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (XUSTIFICANTE DE TER PARTICIPADO NA NEGOCIACIÓN DUN CONVENIO COLECTIVO)
- ACREDITACIÓN DO REQUISITO DE NOTABLE IMPLANTACIÓN SEGUNDO O ARTIGO 11º.4, e)
- PLAN DE FORMACIÓN QUE DEBERÁ CONTER, COMO MÍNIMO, A INFORMACIÓN QUE SE RECOLLE NO ARTIGO 12º.1
- MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO PROGRAMA SEGUNDO O ARTIGO 12º.2
- DECLARACIÓN DE QUE OS LUGARES DE IMPARTICIÓN SON APTOS
- DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NALGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS ESTABLECIDAS NO ARTIGO 13, PUNTOS 2º E 3º, DA LEI 38/2003, DO 17 DE DECEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓN, QUE IMPIDEN OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO
- DECLARACIÓN DE NON TER CONCEDIDA NINGUNHA OUTRA AXUDA PÚBLICA PARA A MESMA ACCIÓN FORMATIVA

- QUE ACEPTA AS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓ DA CONSELLERÍA DE TRABALLO

- QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS QUE FIGURAN NA SOLICITUDE E EN TODA A DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- QUE NON SE ENCONTRA EN NINGUNHA DAS SITUACIÓNS E PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓNS PÚBLICAS SINALADOS NOS PUNTOS 2 E 3 DE ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS, PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 18 DE NOVEMBRO

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZO EXPRESAMENTE a consellería para a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que existen as referidas normas, referidos tanto á información sobre as axudas concedidas como ás sancións que como consecuencia delas se puidesen impoñer.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(sinatura e selo)

ANEXO II

|   |   |                                      |
|---|---|--------------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>SOLICITUDE DE PLANS DE FORMACIÓN SECTORIAIS DIRIXIDOS<br/>                 PRIORITARIAMENTE A TRABALLADORES OCUPADOS (FONDO SOCIAL<br/>                 EUROPEO)</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>TR302B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE (S-2)</b> |
|---|---|--------------------------------------|

**DATOS IDENTIFICATIVOS**

| DA ACCIÓN FORMATIVA   |                                |   |   |
|---|--------------------------------|---|---|
| DENOMINACIÓN  | Nº DE ALUMNOS                  | TOTAL HORAS DA ACCIÓN   |   |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/>           | <input type="text"/>  |   |
| MODALIDADE DE IMPARTICIÓN   |                                |   |   |
| <input type="checkbox"/> PRESENCIAL   | <input type="checkbox"/> MIXTA | HORAS PRESENCIAIS <input type="text"/>  | HORAS A DISTANCIA <input type="text"/> HORAS TELEFORMACIÓN <input type="text"/> |
| MÓDULOS   |                                |   |   |
| MÓDULO IGUALDADE <input type="checkbox"/> 5 HORAS <input type="checkbox"/> 10 HORAS             |                                | OUTROS MÓDULOS TRANSVERSAIS <input type="text"/> HORAS <input type="checkbox"/> |   |
| ORZAMENTO TOTAL QUE SE SOLICITA PARA A ACCIÓN FORMATIVA   |                                | <input type="text"/>  | €   |
| DATOS E CONFORMIDADE DA ENTIDADE IMPARTIDORA  |                                |   |   |
| NOME OU RAZÓN SOCIAL  |                                | NIF/CIF   |   |
| <input type="text"/>  |                                | <input type="text"/>  |   |
| REPRESENTANTE LEGAL   |                                | DNI   |   |
| <input type="text"/>  |                                | <input type="text"/>  |   |
| ENDEREZO POSTAL   | PROVINCIA                      | LOCALIDADE  |   |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/>           | <input type="text"/>  |   |
| CÓDIGO POSTAL   | TELÉFONO                       | FAX   | CORREO ELECTRÓNICO  |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/>           | <input type="text"/>  | <input type="text"/>  |
| <b>CONFORMIDADE:</b>  |                                |   |   |
| Don/Dona <input type="text"/>   |                                | , con DNI <input type="text"/>  |   |
| actuando en representación da entidade  |                                | <input type="text"/>  |   |
| <b>MANIFESTA:</b>   |                                |   |   |
| a súa conformidade para colaborar na impartición da acción formativa que se recolle neste anexo |                                |   |   |
| Asdo.:  |                                |   |   |
| PERSONA DE CONTACTO RESPONSABLE DA ACCIÓN FORMATIVA   |                                |   |   |
| APELLIDOS   | NOME                           | CARGO   |   |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/>           | <input type="text"/>  |   |
| CORREO ELECTRÓNICO  | TELÉFONO                       | FAX   |   |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/>           | <input type="text"/>  |   |

|  |
|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE<br><i>Orde do 24 de outubro de 2008 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupados mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.</i> |
| SINATURA E SELO<br><br>_____, de _____ de _____  |

*ANEXO III*

-Accións de certificación no mar.

-Carpintaría metálica, caldeiraría, tubaxe, matrizaría, moldes, cursos certificables de gas, calefacción e fontanaría.

-Accións especializadas en fabricación e acabado de mobles.

-Cociña e hostalaría práctica especializada.

-Vídeo profesional.

-Ocupacións especializadas en atención á discapacidade e/ou fisioterapia que requiran tanto equipos como profesado especializado.

-Accións de domótica, electricidade e electrónica industrial ou do automóbil.

-Enerxías renovables: eólica, solar fotovoltaica e solar térmica.

-Frío e aire acondicionado.

-Accións para operadores/as de guindastre móbil, retroescavadora e outros vehículos de carga que conduzan á obtención de certificación polos participantes.

-Automatismos industriais avanzados, hidráulica, pneumática, CNC e CAM.

-Soldadura especializada.

-Accións especializadas para persoal e corpos de seguridade (empresas de seguridade privada, axentes de intervención, bombeiros, protección civil, grumir, institucións penitenciarias...).

-Accións de xoiaría en xeral.

-Accións de alta dirección.

-Accións da construción: topografía avanzada, coordinador de seguridade en obras de construción e M.B.A. en empresas construtoras.

-Pompas fúnebres.

## **ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*Resolución do 21 de outubro de 2008 pola que se convoca o sexto seminario permanente de seguridade pública que tratará sobre A prostitución: actualidade e repercusións sociais.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2008, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a celebración, en colaboración coa Universidade da Coruña, do sexto seminario permanente de seguridade pública que

tratará sobre A prostitución: actualidade e repercusións sociais e que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos xerais do seminario permanente de seguridade pública.

-Coñecer a crecente transcendencia para o sistema social actual das problemáticas relacionadas coa seguridade.

-Ver como os cambios sociais xeran unha multiplicidade de factores obxectivos de risco.

-Analizar cales son os factores ou fenómenos xeradores de inseguridade e as solucións que se dan desde as institucións e desde os estados.

Obxectivos específicos do sexto seminario permanente de seguridade pública sobre A prostitución: actualidade e repercusións sociais.

-Coñecer a situación actual da prostitución e as súas repercusións sociais.

-Ver como se intentan atallar os problemas derivados da prostitución desde as distintas institucións das administracións públicas e outras organizacións.

-Tentar establecer un marco de solución ou posibles accións favorecedoras da mellora desta problemática.

Destinatarios.

Persoal técnico das administracións e institucións públicas que teñan relación con esta materia, estudantes universitarios, persoal dos corpos de seguridade e outros colectivos interesados nesta temática.

Inscripción e admisión.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuita. A admisión realizarase por rigorosa orde de entrada de solicitudes no rexistro da Academia Galega de Seguridade Pública.

Prazas.

80 prazas.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste curso cubrirá a instancia que figura no anexo desta publicación, ou na páxina web <http://agasp.xunta.es>.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 14 de novembro de 2008, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse á Academia Galega de Seguridade Pública, sita na avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada (fax: 886 20 61 22); ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.